

---

## PACO

Texto de PAULA CARBALLEIRA

Ilustracións de BLANCA BARRIO

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 13 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México)

PLANO NACIONAL DE LEITURA (PNL Portugal)

**Paco** (galego)

ISBN 978-84-8464-070-7. Demademora.

**Paco** (castelán)

ISBN 978-84-8464-082-0. Obras de autor. Primeros lectores.

**Patxku** (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-120-8. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

**Xico** (portugués)

ISBN 978-972-8781-13-2. Obras de autor. Primeiros leitores.

**Beppe** (italiano)

ISBN 978-88-95933-07-8. Gli albi d'autore. Primi lettori.

*O rato da Lúa chámase Paco.*



*Paco marchou á Lúa porque lle dixeran que era de queixo fresco.*

*Meteuse nunha nave espacial e, nada máis chegar...*

Cando chegou á Lúa, Paco decatouse de que non todo era como el pensara e sentiu morriña de canto deixara atrás ao emprender a viaxe. Pero descubriu tamén que a Lúa pode ser un fogar acoledor e melodioso.

“Paco” é unha obra poética que fala de nostalgia e de sentimentos, que contaxia tenrura e transmite harmonía. Pola sinxeleza do texto e pola tipografía con letras maiúsculas, é ideal para primeiros lectores, que son partícipes dun relato que combina ilusión e aventuras, que nos transporta ao mundo máxico das estrelas, e que remite á importancia das cousas sinxelas que non se valoran abondo.

As ilustracións, elaboradas a base de collage e ceras brandas, destacan pola súa calidez, polo xogo de planos e de perspectivas, e pola combinación de secuencias consecutivas nunha mesma escena, un aspecto que lle proporciona dinamismo ás imaxes.



■ **Temática:** un ratiño aventureiro viaxa á Lúa.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** o espazo, fases da Lúa; 50 anos da misión espacial Apolo XI; texto con letras maiúsculas; viaxes; sabores; emocións: morriña, soidade; cantos de berce; da autora de “[O principio](#)” e “[Smara](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/paco-g>

---

### Paula Carballeira

(Fene, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Formouse en cursos de interpretación, técnicas actorais e expresión corporal. Dende 1992 traballa como narradora oral; ten participado en programacións culturais en países como Portugal, Colombia, Brasil e Chile. Na súa faceta como actriz, dende 1996 está vencellada ao grupo de teatro Berrobambán, ademais de dirixir espectáculos para outras compañías, como o Centro Dramático Galego; tamén actúa en series de ficción para a Televisión de Galicia e colabora en programas da Radio Galega. Como escritora, publicou varios libros de literatura infantil e xuvenil, teatro, poesía e narrativa. Recibiu, entre outros, o Premio Manuel María de Literatura Dramática (2006, 2011 e 2018) e o Premio Frei Martín Sarmiento (2016).

### Blanca Barrio

(Burgos, 1967)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, especialista en Deseño Gráfico. Traballou como creativa en axencias de publicidade de Madrid e Burgos. Foi seleccionada en dúas ocasións no concurso de ilustración infantil e xuvenil da Junta de Castilla-León. Imparte clases nun instituto de ensino secundario de Galicia, tarefa que compatibiliza coa ilustración de libros e carteis.

---

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---